



CAMPIONATOS GALEGOS DE CATEGORÍAS INFERIORES Tempada 2024-2025

1.- TITULARIDADE E CONFIGURACIÓN

A titularidade dos Campionatos Galegos de categorías inferiores (Alevín, Infantil, Cadete, Sub-19 e Sub-21) de Vólei praia Masculino e Feminino corresponden na súa totalidade e en exclusiva á Federación Galega de Voleibol (FGVb) que, en virtude desta, establecerá a súa configuración, lugares e datas de celebración, e ditará as súas normas de participación, admisión e competición.

A FGVb, en exercicio desa titularidade, poderá ceder a explotación dalgún destes Campionato a un promotor.

2.- ORGANIZACIÓN

Os Campionatos Galegos de Categorías Inferiores de Vólei praia 2024-2025 celebraranse mediante un circuíto de probas organizadas pola FGVb, a cal designará os lugares de celebración das mesmas. A FGVb poderá establecer tamén a celebración dunha proba final do circuíto que proclame directamente aos campións galegos de cada categoría ou establecer outros criterios para definir o campión galego. O calendario definitivo do CGVP anunciarase por circular e publicarase na páxina web da FGVb.

3.- NORMATIVA APLICABLE

3.1.- Os Campionatos Galegos de Categorías Inferiores de Vólei praia 2024-2025 disputaranse baixo a normativa da FGVb, sendo aplicables as súas Circulares e Regulamentos. En particular, serán de obrigado cumprimento as presentes Normas Específicas de Competición, o Regulamento de Xogo, o Regulamento Disciplinario, o Regulamento Técnico de Vólei praia e as Normas Xerais de Vólei praia 2024-2025.

3.2.- Todos os encontros disputaranse seguindo as Regras Oficiais de Xogo. Os partidos disputaranse ao mellor de 3 sets de 15 puntos sistema acción - punto, con diferenza ilimitada de dous, agás as semifinais e a final, nas que os dous primeiros sets serán ao mellor de 21 puntos coas mesmas condicións de finalización que se mencionaron anteriormente. As normas específicas de cada torneo poderán variar este apartado se así o aconsellase o número de inscricións e o número de pistas existentes.

3.3.- Nas Categorías Inferiores será obrigatoria a presenza dun responsable por equipo, que se ademais é adestrador poderá estar no banco durante o partido, sempre sentado no banco durante o partido, aínda que non poderá dar instrucións (“coaching”) nin intervir no xogo agás nos tempos mortos ou cando o balón non estea en xogo. Calquera intervención que teña durante a disputa do partido, incluídas as queixas ou protestas ao árbitro, terán como sanción tarxeta amarela a primeira vez (amoestación), e tarxeta

vermella a segunda e sucesivas, (perda dun punto e do saque para o seu equipo). As sancións por “coaching” impoñas directamente o árbitro. No resto de categorías a presenza do adestrador/a non estará permitida.

3.4.- Todo xogador inscrito deberá coñecer a normativa xeral da FGVb e a do presente Campionato. Calquera incumprimento do seu articulado suporá a intervención do Comité de Competición e, no seu caso, a apertura do correspondente expediente disciplinario.

4.- LICENCIAS

Os xogadores participantes deberán ter tramitada a licenza autonómica ou licenza expedida por outra comunidade autonómica con autorización nacional de Vólei Praia segundo o establecido nas Normas Xerais de Vólei praia para a tempada 2024-2025 e dispor da correspondente Autorización Federativa.

5.- EQUIPOS PARTICIPANTES

5.1.- Tan so poderán participar parellas con licenza autonómica expedida pola FGVb ou con Autorización nacional de Vólei praia.

5.2.- Todos os equipos estarán formados por un mínimo de dous compoñentes. En todas as categorías permanecerán sempre 2 xogadores no campo.

5.3.- Nas categorías Alevín, Infantil e Cadete todos os xogadores/as que formen parte dun equipo deberán ter tramitada a súa licenza polo mesmo club.

5.4.- A competición da categoría Sub-21 incluírase dentro da competición Senior. Establecendo ao remate de cada proba dúas clasificacións; unha para cada categoría (Sénior e Sub-21) e unha xeral da proba, para que cada equipo poida acumular os puntos ao ranking galego da categoría e ao ranking galego xeral. O promotor da proba poderá establecer unha tarifa distinta menor para a categoría Sub-21.

5.5.- A identificación dos xogadores realizarase mediante a presentación da autorización de Vólei praia e o documento oficial que acredite suficientemente a súa identidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de condución).

6.- TORNEOS DO CGVP

6.1.- Inscripción de participantes

As normas específicas de cada proba poderán definir os prazos para o envío das inscricións e demais documentación necesaria distinto o recollido no apartado 4 das Normas Xerais de competición de Vólei praia.

6.2.- Admisión de participantes e colocación no cadro

A orde de colocación dos equipos nos grupos farase mediante sistema de serpentín seguindo o Ránking Galego de Categorías Inferiores do ano anterior (na primeira proba) e o propio do Circuito 2024-2025 unha vez disputada esta primeira proba. Na

configuración dos cadros finais de eliminatoria directa, non poderán volver a enfrontarse entre eles antes de chegar á final os dous primeiros clasificados dun mesmo grupo da Fase previa, así como tampouco os cabezas de serie nº 1 e nº 2 da dita proba.

6.3.- Cambios de parella

Unha parella inscrita para unha proba do CGVP de categorías inferiores poderá cambiar de compoñentes co único requisito de solicitalo á FGVb antes das 14:00 horas do día anterior laboral ao comezo da proba. O cambio de parella suporá recalcular o ránking e, no seu caso, modificar a súa colocación no cadro. Non obstante, se este cambio se realizara con posterioridade á publicación da lista de entrada definitiva, unha parella colocada orixinarmente na Previa, non poderá pasar ao cadro final, pero si ao contrario. Neste caso, a parella con mellor puntuación do cadro de clasificación, pasará ao cadro final. Se tras o cambio de parella a súa puntuación fora menor que a requirida para participar, excluíraselle do torneo.

En todos os casos de cambio nas parellas que supoña a entrada dun novo xogador ao circuíto, deberanse achegar de novo o Boletín de Inscripción debidamente cuberto onde aparezan os datos do novo xogador.

6.4.- Sistema de competición

O sistema de competición de cada torneo determinarao a Dirección de Competicións da FGVb en función do número de días, dispoñibilidade de pistas, horarios, número de participantes inscritos ou outros acordos que se establezan coa sede organizadora. Informarase de todo elo a través da web da FGVb e/ou da web específica do dito Torneo.

O deseño dos cadros, cruces e orde de partidos farase en base ao establecido no Regulamento Técnico de Vólei praia da FGVb.

6.5.- Substitución de parellas

As parellas que, debidamente inscritas para participar nun torneo, non comparecesen a este, serán substituídas por outras do seguinte xeito:

- Si se trata do cadro de clasificación e fose un torneo con límite de participantes, recorrerase as parellas designadas como suplentes na lista de admisión.
- Si se trata do Cadro Final, clasificarase a parella con mellor coeficiente das que non superaron a Fase Previa (primeiro sets gañados entre sets en contra e despois puntos a favor entre puntos en contra). No caso de ser grupos con diferente número de compoñentes eliminaranse os resultados do peor equipo do grupo mais numeroso.

7.- CLASIFICACION PARA AS FASES FINAIS DOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA

7.1.- A conformación das Seleccións Galegas que participarán na Fase Final dos Campionatos de España de Seleccións Autonómicas das categorías Infantil, Cadete, Sub-19 e Sub-21 será realizada directamente pola FGVb en función dos criterios da súa Dirección Técnica.

7.2.- Para que un xogador/a poida ser seleccionable para representar a Galicia en competicións oficiais deberá cumprir os requisitos recollidos nas Normas Xerais de Vólei praia 2024-2025.

7.3.- Para as Fases Finais dos Campionatos de España de Clubs das categorías Infantil, Cadete, Sub19 e Sub21, clasificaranse os Campións Galegos das súas respectivas categorías ou, no caso de quedar probas aínda por disputar, o equipo que ocupe o primeiro posto da clasificación no momento da data límite establecida pola RFEVb para a comunicación dos campións autonómicos. No caso de que, por compromisos coa Selección Galega ou Española, un xogador/a non puidera disputar ningunha das probas antes da data límite establecida pola RFEVb, outorgaráselle unha puntuación equivalente á media dos puntos obtidos nas probas da dita categoría nas que participara na presente tempada. No suposto de que non se tivese celebrado ningunha proba na actual tempada, os puntos que se lle outorgan serán a media dos obtidos na tempada anterior.

7.4.- Para poder participar nas Fases Finais do Campionato de España de clubs das categorías Infantil, Cadete, Sub19 e Sub21, será necesario ter tramitada a licenza autonómica e cumprir os requisitos establecidos pola RFEVB.

8.- ACREDITACIÓN E REUNIÓN TÉCNICA

A acreditación dos equipos participantes farase nada máis chegar ao lugar de competición onde deberán confirmar ante a organización do evento a súa efectiva asistencia ao campionato e recollerán, de selo caso, a súa camiseta de xogo.

9.- BALÓN OFICIAL E INDUMENTARIA DE XOGO

O balón de xogo regulamentario será o Mikasa VLS300 agás en categoría alevín que será o Molten Pequevoley V5-SPMB / SP1 ou o Molten V5M1500 en ausencia do anterior. A normativa específica da competición pode determinar outros modelos concretos. A organización aportará os balóns de xogo que en todo caso deberán estar homologados pola FGVb.

Os equipos deberán dispoñer de equipacións de xogo propias e uniformes para participar no CGVP de acordo ao establecido no Regulamento Técnico de Vólei praia. Estas equipacións irán numeradas no peito e nas costas do seguinte xeito: do 1 ao 2 en todas as categorías.

Estas equipacións deberán estar libres de publicidade como norma xeral. No caso de que algún equipo decida inserila deberá consultar previamente co promotor da proba por si aquela resulta incompatible co patrocinador do torneo. Tamén poderá rexeitar outras que considere que atentan ao bo gusto ou aos valores deportivos. Non obstante o dito anteriormente, se a FGVb decide entregar equipacións propias, estas deberán utilizarse obrigatoriamente.

10.- CONDICIONS DE PARTICIPACIÓN

As parellas participantes deberán cubrir os gastos de desprazamento ata a sede de xogo, así como a manutención e o aloxamento, de selo caso.

11.- PUNTOS, PREMIOS E TROFEOS

11.1.- A FGVb outorgará aos xogadores da parella a puntuación que corresponda segundo o Regulamento Técnico de Vólei praia. Á finalización do circuíto proclamarase vencedora a parella que sume mais puntos entre os seus compoñentes e que tiveran xogado xuntos polo menos unha proba do circuíto.

11.2.- Recibirán trofeo ou medallas as tres primeiras parellas clasificadas de cada proba así como os tres primeiros clubs clasificados ao final do circuíto.

11.3.- A parella primeira clasificada ao final do Circuíto (ou a gañadora da proba final, no caso de habela) obterá o título de Campioa Galega de Vólei praia na categoría da que se trate.

11.4.- O Club que teña o xogador con mais puntos na data tope comunicada mediante circular, será o que teña dereito a praza para participar nos Campionatos de España de Voley Playa de Clubs. No caso de que se asignen mais prazas ou se produzan renuncias, estas serán adxudicadas seguindo a orde de puntos na clasificación de Clubs.

12.- RANKING GALEGO DE CLUBS

A puntuación obtida por todos os xogadores/as dun club en cada proba e categoría será tida en conta para a clasificación do Ranking Galego de Clubs de Vólei praia.

O club que obteña mais puntos ao final do circuíto sumando as puntuacións de todas as categorías (sénior e categorías inferiores) proclamarase Campión do Ranking Galego de Clubs de Vólei praia.



13.- DEREITOS DE IMAXE

A través da súa inscrición en calquera dos Campionatos Galegos de categorías inferiores, un xogador cede á FGVb a explotación comercial dos seus dereitos de imaxe tal e como se establece no Regulamento Técnico de Vólei praia.



CAMPIONATO GALEGO SÉNIOR

Tempada 2024-2025

1.- TITULARIDADE E CONFIGURACIÓN

A titularidade do Campionato Galego de Vólei praia (CGVP) Masculino e Feminino corresponde na súa totalidade e en exclusiva á Federación Galega de Voleibol (FGVb) que, en virtude desta, establecerá a súa configuración, os Torneos que o compoñen, lugares e datas de celebración, e ditará as súas normas de participación, admisión e competición.

A FGVb, en exercicio desa titularidade, poderá ceder a produción e explotación comercial dalgún destes Campionatos ou Torneos a un promotor. As obrigas e deberes tanto dos promotores como da FGVb estableceranse a través dun contrato ou convenio como se detalla no Anexo I desta normativa.

2.- NORMATIVA APLICABLE

2.1.- O CGVP disputaranse baixo a normativa da FGVb, sendo aplicables as súas Circulares e Regulamentos. En particular, serán de obrigado cumprimento as presentes Normas Específicas de Competición, o Regulamento de Xogo, o Regulamento Disciplinario, o Regulamento Técnico de Vólei praia e as Normas Xerais de Vólei praia 2021-2022. Toda esta normativa harmonizarase, no que respecta ás obrigas do promotor, cos deberes por el asumidos no seu contrato coa FGVb.

2.2.- Agás que se establecera outra cousa na Normativa Específica do Torneo, todos os encontros disputaranse ao mellor de 3 sets sistema acción - punto sendo os dous primeiros a 21 puntos, e en caso de empate, un terceiro a 15 e sempre con diferenza ilimitada de dous para rematar o set.

2.3.- Todo xogador inscrito deberá coñecer a normativa xeral da FGVb e a do presente Campionato. Calquera incumprimento do seu articulado suporá a intervención do Comité de Competición e, no seu caso, a apertura do correspondente expediente disciplinario.

3.- ESTRUCTURA DO CGVP

O CGVP constará dunha serie de probas homologadas pola FGVb baixo as condicións establecidas no anexo I desta normativa. A FGVb poderá establecer a celebración dunha proba final do circuíto da que saian os campións galegos de cada categoría. O calendario do CGVP anunciarase por circular e publicarse na páxina web da FGVb.

4.- LICENZAS

Os xogadores participantes deberán ter tramitada a licenza autonómica galega ou dispor de Autorización nacional de Vólei praia segundo o establecido nas Normas Xerais de Vólei praia para a tempada 2024-2025.

5.- PARTICIPACIÓN

5.1.- Tan so poderán participar parellas con licenza autonómica expedida pola FGVb ou con Autorización Nacional de Vólei praia.

5.2.- A FGVb poderá admitir ademais discrecionalmente equipos formados por un ou dous deportistas estranxeiros, os cales deberán aportar carta de autorización da súa federación nacional na que conste expresamente que teñen licenza deportiva en vigor e seguro médico deportivo asociado á mesma. No caso de que a normativa pola que se rexe a dita federación non contemplase esta obriga para os seus afiliados, o deportista deberá subscribir a licenza autonómica ou nacional de Vólei praia directamente coa FGVb e asumir os custes desta e do seguro deportivo obrigatorio.

5.3.- Todos os equipos estarán formados por dous compoñentes.

5.4.- A identificación dos xogadores realizarase mediante a presentación da Autorización de Vólei praia e o documento oficial que acredite suficientemente a súa identidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia ou permiso de condución). Se algún xogador non a presentara nun torneo deberá asinar o documento MOV-02 – Declaración de posesión de licenza – no que declare que efectivamente ten subscrita a licenza. En caso de falsidade abríraselle expediente disciplinario.

6.- TORNEOS DO CGVP

6.1 INSCRICIÓN DE PARTICIPANTES

Para que unha parella poida participar nun torneo do CGVP o club ao que represente deberá achegar á FGVb a seguinte documentación antes das 20:00 horas tres días antes do inicio da celebración da proba:

1. Boletín de inscrición (modelo FGVP-02) debidamente cuberto ou, no seu defecto, correo electrónico dende a dirección oficial do club no que conste a mesma información que a requirida no boletín de inscrición.
2. Copia do Xustificante de Transferencia Bancaria da TAXA DE INSCRICIÓN que se estableza para cada torneo.

A FGVb, unha vez comprobados os requisitos de participación de todos os xogadores inscritos e establecido o ránking de entrada, publicará a lista de admitidos na súa páxina web ao día seguinte ao do peche da inscrición.

No caso de que a parella estivera composta por xogadores/as de clubs diferentes, todos eles deberán achegar por escrito a súa inscrición.

Na normativa específica de cada torneo poderanse establecer prazos diferentes para a achega da documentación así como para o procedemento de pago.

6.2.- ADMISIÓN DE PARTICIPANTES E COLOCACION NO CADRO

A admisión dunha parella e a súa colocación no cadro farase en función da suma do Ránking Nacional dos seus dous compoñentes xunto cos puntos que ambos xogadores poidan ter no CGVP. Teranse en conta os documentos publicados con data do luns anterior ao de celebración da proba da que se trate.

As normas específicas de cada proba poderán reservar a FGVb o dereito a invitar a equipos que non teñan puntos suficientes, a entrar no cadro final ou no cadro de clasificación das mesmas. O número de invitados e a súa colocación nos cadros será establecido en ditas normas.

6.3.- CAMBIOS DE PARELLA

Unha parella inscrita para unha proba do CGVP poderá cambiar de compoñentes co único requisito de solicitalo á FGVb antes das 14:00 horas do día anterior ao comezo da proba. O cambio de parella suporá recalcular o ránking e, no seu caso, modificar a súa colocación no cadro. Non obstante, se este cambio se realizara con posterioridade á publicación da lista de entrada definitiva, unha parella colocada orixinalmente na Previa, non poderá pasar ao cadro final, pero si ao contrario. Neste caso, a parella con mellor puntuación do cadro de clasificación, pasará ao cadro final. Se tras o cambio de parella a súa puntuación fora menor que a requirida para participar, excluíráselle do torneo.

En todos os casos de cambio nas parellas que supoña a entrada dun novo xogador ao circuíto, deberanse achegar de novo o Boletín de Inscrición debidamente cuberto onde aparezan os datos do novo xogador.

6.4.- SISTEMA DE COMPETICION

O sistema de competición de cada torneo determinarao a Dirección Técnica da FGVb en función do número de días, dispoñibilidade de pistas, horarios, número de participantes inscritos ou outros acordos que se establezan coa sede organizadora. Informarase de todo elo a través da web da FGVb e/ou da web específica do dito Torneo.

O deseño dos cadros, cruces e orde de partidos farase en base ao establecido no Regulamento Técnico de Vólei praia da FGVb.

6.5.- SUBSTITUCIÓN DE PARELLAS

As parellas que, debidamente inscritas para participar nun torneo, non comparecesen a este, serán substituídas por outras do seguinte xeito:

- Si se trata do cadro de clasificación e fose un torneo con límite de participantes, recorrerase as parellas designadas como suplentes na lista de admisión.
- Si se trata do Cadro Final, clasificarase a parella con mellor coeficiente das que non superaron a Fase Previa (primeiro sets gañados entre sets en contra e despois puntos a favor entre puntos en contra). No caso de ser grupos con diferente número de compoñentes eliminaranse os resultados do peor equipo do grupo mais numeroso.

7.- REQUISITOS MINIMOS DUNHA PROBA DO CGVP E HOMOLOGACIÓN DOUTROS TORNEOS AO RNVP

7.1.- Para que un torneo sexa homologado pola FGVb deberán cumprir cos seguintes requisitos xerais establecidos pola RFEVB para calquera proba autonómica:

- que acheguen a solicitude de homologación cun mes de antelación á celebración do torneo e que publiquen coa suficiente antelación toda a normativa específica do torneo (premios, sistemas e xornadas de competición, procedemento de inscrición,...);
- que sexan arbitrados por árbitros con licenza;
- que existan un mínimo de 8 equipos participantes por sexo;
- que todos os xogadores estean en posesión da Licenza Autonómica ou Autorización nacional de Vólei praia e do correspondente seguro deportivo obrigatorio (cando a inscrición dos xogadores non se faga directamente na FGVb, a organización da proba deberá remitir a lista de inscritos á FGVb con dous días de antelación á celebración da proba para que esta poida comprobar que todos os participantes cumpren cos requisitos anteriormente mencionados e para establecer o ranking de entrada de cada unha das parellas inscritas);
- que a colocación dos equipos nos cadros de competición se faga de acordo ao cálculo de sumar os puntos do CGVP e os do RNVP;
- que se comunique ao departamento de competicións da FGVb nas 48 horas seguintes a súa celebración e no formulario homologado pola RFEVB, a a clasificación final da proba;

Ademais a FGVb establecerá os seguintes requisitos a maiores para as probas do CGVP e poidan ser tramitadas para homologar na RFEVB:

- que o cadro, sistema de competición e horarios sexan establecidos pola Dirección Técnica da FGVb;
- cumprir cos requisitos que se establecen no Anexo I destas normas (reportaxe fotográfico, cartel, presenza nos medios, etc)
- pago da Taxa de homologación correspondente

A FGVb ou a RFEVb poderán enviar a súa costa un delegado para supervisar o desenvolvemento do torneo. A FGVb resérvase o dereito a excluír a posteriori os torneos que no se desenvolvan conforme ao anteriormente establecido.

7.2.- Aqueles outros torneos que non cumpran os requisitos para formar parte do CGVP, poderán non obstante solicitar directamente á RFEVb que sexan puntuables polo menos para o RNVP, sempre e cando cumpran os requisitos xerais que a RFEVb establece na súa normativa para as probas autonómicas.

8.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

As parellas participantes deberán cubrir os seus gastos de desprazamento ata a sede de xogo, así como a manutención e o aloxamento, de selo caso.

9.- PUNTOS, PREMIOS E TROFEOS

9.1.- A participación nas probas do CGVP outorgará a cada xogador a puntuación que corresponda segundo o Regulamento Técnico de Vólei praia. Á finalización do Circuito, a parella que sume máis puntos e que xogaran xuntos polo menos unha das probas do circuito proclamarase vencedora do CGVP e obterá o título de Campioa Galega de Vólei praia na categoría da que se trate. No caso de haber unha Proba Final, os campións galegos serán os vencedores desta última proba.

9.2.- Os premios que por sexo reparta cada unha das probas quedarán a criterio dos promotores das mesmas. Esta información publicárase coa suficiente antelación na web da FGVb e/ou da web específica da proba.

9.3.- Recibirán trofeo ou medallas polo menos as tres primeiras parellas clasificadas de todo o circuito en cada categoría así como os 3 primeiros clubs.

9.4.- As parellas campioas do CGVP obterán praza para disputar a Final do Campionato de España de Vólei praia (CEVP) conforme a normativa específica deste. Se chegada a data límite establecida pola RFEVB para comunicar os campións autonómicos aínda quedara por disputar algunha proba do CGVP, o dereito a participar na Final do CEVP

outorgaráselle ás parella que ocupasen nesa data os primeiros postos da clasificación do CGVP.

10.- RANKING GALEGO DE CLUBS

10.1.- A puntuación obtida por todos os xogadores/as dun club en cada proba e categoría será tida en conta para a clasificación da Ranking Galego de Clubs de Vólei praia. A puntuación obtida por cada xogador/a dividirase entre o número de compoñentes que conformen os equipos na súa categoría (entre 2 no caso das categorías sénior, Sub-21 e Sub-19, entre 3 na categoría Cadete e entre 4 na categoría Infantil).

O club que obteña mais puntos ao final do circuíto sumando as puntuacións de todas as categorías (sénior e categorías inferiores) proclamarase Campión do Ranking Galego de Club de Vólei praia.

11.- OBRIGAS XERAIS

11.1 Protección do CGVP

A FGVb non homologará máis dunha proba en datas coincidentes. No caso de existir máis dunha solicitude a FGVb elixirá a que ofrezca as mellores condicións de organización.

11.2 Reunións técnicas

Antes de comezar a previa e o cadro final terá lugar unha reunión técnica de obrigada asistencia para todos os participantes, agás que a normativa específica da proba estableza outra cousa.

11.3 Retrasos imprevistos

Se unha parella que estivera viaxando cara a sede do torneo atopara dificultades imprevistas e inevitables para chegar á Reunión Técnica, porase en contacto co Director do Torneo que poderá, se o considera pertinente, concederlle un prazo de graza que rematará inescusablemente antes do comezo do seu primeiro partido.

O Director da Competición poderá nestes casos, e dentro da primeira rolda de competición da Fase Previa ou da Rolda Final, cambiar a orde dos partidos previstos.

11.4 Puntualidade

Unha vez transcorridos 10 min da hora sinalada para o comezo do encontro, considerarase como non presentada a parella que non estea no campo de xogo.

11.5 Balón oficial e indumentaria de xogo

O balón de xogo regulamentario será o MIKASA VLS300, salvo que a normativa específica da proba determine o contrario. A organización aportará os balóns de xogo que en todo caso deberán estar homologados pola FGVb.

Os equipos deberán dispoñer dos seus propios uniformes de xogo (tops ou camisetas) de acordo ao Regulamento Técnico de Vólei praia da FGVb para participar no CGVP e numeradas do 1 ao 2. Queda aberta tamén a posibilidade para os equipos masculinos de xogar sen camiseta (neste caso o número irá no pantalón).

Estas equipacións deberán estar libres de publicidade como norma xeral. No caso de que algún equipo decida inserila deberá consultar previamente coa FGVb e co promotor da proba por si aquela resulta incompatible co patrocinador do torneo. Tamén poderá rexeitar outras que considere que atentan ao bo gusto ou aos valores deportivos.

Estas camisetas e tops deberán estar libres de publicidade como norma xeral. No caso de que algún equipo decida inserila deberá consultar previamente co promotor da proba por si aquela resulta incompatible co patrocinador do torneo.

Non obstante, nas normas particulares dun torneo poderá establecerse que nel se utilicen os uniformes entregados polo promotor nos termos que se indiquen.

12.- DEREITOS DE IMAXE

A través da súa inscrición no Campionato Galego de Vólei praia, un xogador cede á FGVb a explotación comercial dos seus dereitos de imaxe da súa participación no torneo tal e como se establece no Regulamento Técnico de Vólei praia.



MANUAL DE ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO GALEGO DE VOLEI PRAIA SENIOR (CGVP)

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Ámbito de aplicación.

Este Manual ten como propósito regular, de forma xeral, a organización e o desenvolvemento das probas que integran o Campionato Galego de Vólei praia de Categoría Sénior (CGVP).

1.2. O CGVP 2024-2025.

1.2.1. A organización do CGVP 2024-2025 corresponde segundo a lei á Federación Galega de Voleibol (FGVB), quen poderá delegar, total ou parcialmente, a produción, organización ou comercialización publicitaria de cada unha das Probas que o compoñen.

1.2.2. O CGVP convócase nas dúas categorías sénior, masculina e feminina. Ámbalas dúas compóñense de varias probas (ou Torneos), podendo disputar cada unha delas para unha única categoría ou para as dúas de forma conxunta.

1.2.3 Os Torneos terán un mínimo de 8 parellas por sexo e disputaranse por norma xeral en dúas fases de competición, unha fase previa ou de clasificación e unha fase final. As 8 mellores parellas por puntos segundo a norma 6.2 das normas co Campionato Galego Sénior estarán clasificadas directamente para a Fase Final. No caso de existir 16 parellas ou menos non será obrigatoria a disputa da fase previa.

1.2.4. A data de celebración da proba pactarase coa FGVb, sendo o período preferente de celebración do CGVP o comprendido entre os meses de Maio e Setembro. Para que unha proba sexa homologable para o RNVP da RFEVB esta debe ser organizada cos sistemas e que o Regulamento Técnico de Vólei Praia da RFEVB establece por tipo de proba, e a puntuación que recibiran os participantes será segundo e data de celebración e tipo de proba que dito regulamento recolle.

1.2.5. As probas poderán celebrarse en praias, en instalacións de interior e incluso poderanse autorizar probas en instalacións cubertas ou mixtas (pista central cuberta e auxiliares descubertas).

1.3. Promotores: candidatura, funcións e contrato coa FGVb.

1.3.1. A entidade organizadora das probas do CGVP será sempre a FGVb, quen pode, ben delegar a súa produción ou organización material total ou parcial a un promotor privado, ou ben acometer ela mesma a organización total do torneo por encomenda dunha institución pública ou privada.

1.3.2. Ademais das empresas dedicadas profesionalmente á organización de eventos, poderán actuar como promotores os Clubs, Deputacións, Concellos ou outras institucións.

1.3.3. O promotor interesado poderá, mediante o pertinente documento de candidatura, solicitar a produción dunha ou máis probas do CGVP nas datas e sedes que sexan da súa interese. A candidatura deberá ir acompañada da documentación requirida, dunha carta de apoio do Concello onde pretenda celebrar a proba, e do compromiso a facela unha vez aceptada a súa solicitude.

1.3.4. O promotor ten as seguintes funcións:

- de comercialización da proba, asegurando o patrocinio suficiente para poder levar a bo termo todas as obrigas establecidas no presente Manual e no contrato;
- de instalación das infraestruturas necesarias segundo o previsto no presente Manual e no contrato;
- de financiamento da proba, de tal xeito que todas as obrigas económicas contraídas pola súa celebración queden atendidas en tempo, forma e cantidade;
- de promoción da súa proba e do CGVP no seu conxunto;
- outras que asumira por contrato.

1.3.5. A FGVB aceptará ou rexeitará a candidatura presentada, podendo tamén solicitar unha ampliación da documentación ou a prestación de garantías mediante aval ou outro instrumento.

1.3.6. Si se chegara a un acordo de aceptación da candidatura, procederase á sinatura do contrato entre o promotor e a FGVB, no que se establecerán as obrigas respectivas en liña co establecido no presente Manual, os prazos de cumprimento e aquelas outras condicións que se estimen necesarias.

1.3.7. Coa sinatura do contrato, o promotor adquire o dereito á produción da proba e a súa comercialización e promoción. A FGVB recoñecerá ao promotor os seguintes dereitos:

- inclusión da proba no calendario oficial do CGVP;
- reserva da data para unha proba do CGVP do sexo/s ou xénero/s adxudicado/s en todo o territorio galego;

1.4. Condicións de financiamento.

O Promotor, de forma xeral, comprométese a:

- Financiar a produción e infraestruturas do evento e de todos os requirimentos que se reflicten neste manual, así como outras obrigas que se acorden no contrato. A modo de exemplo cítanse os seguintes:
 - O persoal requirido para a montaxe, desmonte, produción e execución da proba;
 - O persoal necesario para o desenvolvemento dos encontros;
 - O Producción de elementos publicitarios;
 - O Material deportivo
 - O Uniformidade na roupa de xogo para deportistas (opcional, só se quere incorporarse patrocinadores do promotor): camiseta para homes e top ou camiseta para mulleres.
- Financiar a manutención (e o aloxamento, de ser necesario) dos árbitros e do persoal propio da organización durante os días da competición. A comida poderá ser substituída por un servizo de cátering ou bocadillos na propia instalación se fose necesario para cumprir cos horarios da competición.
- Aboar os dereitos de arbitraje e o desprazamentos aos árbitros que a FGVB designe para a proba.
- Financiar outros servizos recollidos no Manual e no contrato.

- Pagar os Premios establecidos en cada proba aos deportistas.

A FGVB encargárase de financiar, entre outros, os seguintes gastos:

- Os desprazamentos do delegado federativo designado pola FGVB, de selo caso.
- Aboar as dietas ao Delegado Federativo que a FGVB designe, de selo caso.
- Préstamo do material deportivo necesario para o desenvolvemento da proba (balóns, redes,...) en función das posibilidades da FGVB e das súas outras actividades (campiónatos de categorías inferiores, concentracións de tecnificación,...)
- Accións de comunicación globais do CGVP, que poderán ser por exemplo a rolda de prensa xeral do CGVP (se existira), revista ou publicación global do Campionato, así como a contratación e mantemento da web do CGVP.
- persoal necesario nas súas oficinas para a organización das inscricións, comités, ránkings, etc.

2. A INSTALACIÓN

2.1. En Xeral.

O promotor a quen se lle adxudique a organización material dunha proba do CGVP, deberá deseñar una instalación que reúna os requisitos establecidos no Regulamento Técnico de Vólei praia da FGVB.

A instalación comprenderá, a lo menos, os seguintes elementos:

1. Dúas pistas de xogo por categoría.
2. Oficina técnica da proba
3. Carpa ou zonas de sombra para xogadores
4. Carpa para árbitros e persoal da organización
5. Zona para animación e/ou gradaría (opcionais)
6. Aseos (opcionais, sempre e cando existan outros preto da instalación de xogo e sexan de libre acceso)

Un plano co deseño da instalación poderá ser solicitado para a súa aprobación á FGVB no prazo establecido no contrato.

3. PERSOAL DA PROBA

3.1. Persoal da proba.

Ademais do necesario para a montaxe e desmonte da instalación, o promotor deberá designar e financiar ao persoal necesario para o correcto desenvolvemento da proba, tal e como se establece no Regulamento Técnico de Vólei praia da FGVB.

- 1 Coordinador xeral da proba
- 1 Encargado dos cadros de competición
- 1 Responsable das pistas de xogo
- 1 Locutor/animador con experiencia en Vólei praia, que informa sobre todos os aspectos de interese do torneo, tales como puntuacións, resultados, parellas participantes, actividade ns pistas,...

A FGVb designará para as probas o seguinte persoal:

- Xuíz Árbitro e árbitros
- Delegado Federativo (opcional)

4. NORMAS DE COMPETICIÓN.

4.1. Remisión

Toda cuestión relacionada co sistema de competición, cadros, horarios, adxudicación de pistas, organización, disciplina, RNVP, “wild cards”, inscrición de xogadores e, en xeral a redacción, interpretación e aplicación da normativa de competición, rexerá polo establecido no Regulamento Técnico y demais normativas da FGVb.

4.2. Estrutura das probas

O número de participantes será pactado entre o promotor e a FGVb, así como o calendario de competición e os horarios de celebración dos encontros.

4.3. Balón oficial

Utilizarase o balón oficial do CGVP establecido pola FGVb.

4.4. Vestimenta e uniformidade

4.4.1. O promotor poderá facilitar as camisetas e tops para os equipos, respectando a normativa de publicidade establecida neste Manual. Se o promotor NON acorda coa FGVb a utilización das camisetas facilitadas polo promotor, os deportistas poderán utilizar camisetas propias e incluso con publicidade que eles xestionen (no caso de que non entren en conflito coa publicidade do patrocinador da proba).

4.4.2. Os árbitros e anotadores serán uniformados pola FGVb, salvo acordo expreso co promotor.

4.5. Premios, Puntos e Trofeos

4.5.1. O promotor será o que determine a cantidade dos premios que se repartirán na súa proba e dos que se terá que facer cargo por completo.

4.5.2. O promotor aboará os premios directamente aos deportistas, agás que se acorde outra cousa na redacción do contrato.

4.5.3. A FGVb establecerá os puntos do Ránking Galego de Vólei Praia que cada un dos torneos adxudicará segundo a súa categoría.

4.5.4. O promotor encargarse de confeccionar e entregar os trofeos, como mínimo, a cada un dos 3 primeiros equipos clasificados da proba. Nos trofeos deberá constar, como mínimo, o escudo da FGVb e a lenda Campionato Galego de Vólei praia 2024-2025.

5. MARKETING.

5.1 Dereitos

5.1.1. O Promotor acepta que a FGVb é a propietaria exclusiva de todos os dereitos de comercialización e imaxe do CGVP. A FGVb mediante acordo escrito establecerá a cesión de dereitos que se lle conceden ao Promotor para unha mellor difusión da proba e do CGVP, así como para a comercialización da proba e a exposición dos seus patrocinadores.

5.1.2. O nome da FGVB, o seu escudo, o logo do CGVP e calquera outro elemento rexistrado por esta non poderán ser utilizados polo promotor sen o permiso escrito da FGVb.

5.2. Espazos publicitarios reservados para a FGVb

5.2.1. A FGVB resérvase o título do nome do CGVP, que poderá asociar a unha marca comercial.

5.2.2. En todas as publicacións e elementos de difusión da Proba deberán aparecer os logotipos oficiais da FGVB, do CGVP e dos patrocinadores da FGVB para o CGVP.

5.2.3. De forma específica quedan reservados, a lo menos, os seguintes espazos para a FGVB:

- 8 vallas publicitarias (de 3 x 1 metro) no pechamento das pistas de xogo.
- 20 % da traseira do pódium.
- Outros espazos acordados no contrato.

5.3. Espazos de libre disposición por el promotor.

5.3.1. O promotor poderá colocar a súa publicidade en todo o resto da instalación non reservado para a FGVB.

5.4. Tratamento da publicidade.

5.4.1. Visibilidade

O promotor coidará de que os paneis e demais elementos publicitarios estean sempre despexados e libres elementos que os tapen ou dificulten a súa visión completa.

5.5. Publicacións

5.5.1. O promotor poderá realizar todas as publicacións ou anuncios que considere necesarios para a promoción da proba. En todas as publicacións deberase situar de forma adecuada o logo da FGVB, o logo CGVP e o logo dos patrocinadores da FGVB.

6. PROMOCIÓN DA PROBA

6.1. Obxectivo

É obxectivo común da FGVB e do promotor local o éxito de celebración da proba e do CGVP no que esta se inclúe, con propósito de aumentar o valor comercial do mesmo e dar a maior contrapartida aos patrocinadores en cuestións de imaxe e proxección pública.

Para elo deberá traballarse antes, durante e despois da celebración da proba, en conseguir a maior afluencia posible de participantes, público, medios de comunicación e a satisfacción de autoridades e patrocinadores.

6.2. Promoción nacional e autonómica da proba

A FGVB exercerá os seus mellores oficios para que o CGVP no seu conxunto e cada unha das probas que o compoñen teñan a maior visibilidade posible nos medios de comunicación, páxinas web,... Do mesmo modo, poderá levar a cabo accións de promoción do CGVP, tales como roldas de prensa, presentacións oficiais, cartel uniforme para todas as probas do CGVP, revista de promoción do CGVP, notas a medios informativos, noticias e anuncios nas webs da FGVB e da RFEVB,..., nas que poderán estar presentes na medida que corresponda os patrocinadores dos promotores locais.

6.3. Promoción local da proba

6.3.1. Plan de promoción local.

O promotor deseñará e desenvolverá un plan de promoción local para obter a mellor difusión da proba, asistencia de público e satisfacción das entidades locais e patrocinadores. O dito plan poderá ser solicitado pola FGVB á hora de decidir a homologación dunha proba.

6.3.2. Carteis

No caso de que a FGVB non confeccione un cartel uniforme para todo o CGVP, deberá facelo o promotor.

6.3.3. Outros actos de promoción.

O promotor, xunto coas entidades locais ou patrocinadores, poderán propoñer calquera acto de promoción engadido, antes ou durante a celebración da proba. Todas estas actividades previstas deberán ser comunicadas á FGVB

7. PRENSA

7.1. Obxectivo

O obxectivo primordial dos responsables de prensa non é só facer chegar aos medios de comunicación información puntual da proba e do CGVP, senón por todo o seu empeño en que a mesma se publique.

7.2. Responsable de Prensa do CGVP

A FGVB disporá dun responsable de prensa dedicado á comunicación do CGVP e as distintas probas que o compoñen aos medios de comunicación nacionais.

7.3. Responsable local de prensa da Proba.

O promotor encargarse da comunicación da proba e os seus actos entre los medios de comunicación locais. Coordinarase co Xefe de Prensa do CGVP para determinar as accións a realizar e o seu seguimento.

7.4. Plan de Prensa.

7.4.1. A FGVB porá en funcionamento un plan de prensa que constará, a lo menos, das seguintes accións:

- Creación e mantemento da páxina web do CGVP.
- Elaborar as notas de prensa de todas as probas e o boletín de prensa semanal do CGVP para a distribución a todos os medios de comunicación.
- Seguimento e informe final de todas las noticias publicadas en los medios de comunicación.

7.4.2. O promotor deberá confeccionar un plan de prensa que conteña, polo menos, as seguintes accións:

- Presentación local da proba.
- Redacción e envío de notas de Prensa previas á proba en coordinación co Xefe de Prensa do CGVP.
- Seguimento e informe final de todas las noticias publicadas en los medios de comunicación.

7.5. Reportaxe fotográfico.

O promotor designará unha persoa que se encargará de realizar todo o reportaxe fotográfico da proba e dos actos que teñan lugar. Deberase entregar á FGVb un mínimo de 15 fotos de cada xornada de competición, cunha calidade mínima de 300 dpi. e onde deberán reflectirse aspectos diversos da proba (accións de xogo, animación, público, autoridades,...). Prestaráselle especial interese á xornada final e a entrega de premios.

10. OUTROS

10.1. Aval.

A FGVb poderá pedir ao promotor a presentación dun aval que garanta o cumprimento das súas obrigas establecidas neste manual e no contrato.

10.2. Permisos e licenzas.

O promotor deberá obter todos os permisos e licenzas necesarias para a celebración da proba, y correrá con todas as sancións que puideran impoñer as autoridades competentes pola súa falta, insuficiencia ou infracción.

10.3. Responsabilidade civil e seguro.

O promotor é o único responsable polos danos que poidan sufrir as persoas presentes na instalación. Deberá subscribir una póliza de responsabilidade civil que cubra suficientemente as posibles reclamacións.